

101. **Nosce te ipsum:** “Coñécete a ti mesmo”. Esta frase estaba inscrita no templo de Apolo en Delfos. *O mellor consello que che podo dar é nosce te ipsum. Só así chegarás a saber o que queres e a ser feliz.*
102. **Nota bene:** “Obsérvase ben”. Estas palabras son frecuentes en libros e publicacións diversas para chamar a atención sobre un punto.
103. **Numerus clausus:** “Número pechado”. Emprégase cando unha institución ou organismo ten un número de prazas limitadas. *O Grao de Medicina ten o numerus clausus en 150 persoas e todos os anos quedan persoas sen praza.*
104. **Nunc et semper:** “Agora e sempre”. Emprégase para referirse a algo que ten que ser sempre dunha determinada maneira: *Non penso cambiar de opinión. Isto farase así nunc et semper.* Tamén é frecuente en determinados texto relixiosos (*Gloria ao Pai, e ao Fillo e ao Espírito Santo. Como era no principio, agora e sempre, polos séculos dos séculos. Amén:* as palabras que se subliñan, no texto latino son *nunc et semper*).
105. **Opere citato:** “Na obra citada”. Emprégase nas notas á pé de páxina de diversos escritos e publicacións. Deste xeito faise referencia a unha obra dun autor citada xa en pasaxes anteriores. Habitualmente emprégase a abreviatura *op. cit.*
106. **O tempora! O mores!:** “Oh, tempos! Oh, costumes”. Estas palabras foron pronunciada por Cicerón nun momento no que o rodeaba a corrupción e a perversidade. Cicerón pretendía insinuar que os tempos e os costumes pasados foran mellores. *Tal como está a situación política actual, creo que hai que recordar aquela famosa frase latina de O tempora! O mores!*
107. **Panem et circenses:** “Pan e espectáculos circenses”. Estas palabras proceden dunha sátira do poeta romano Xuvenal (ss. I-II d.C.). Ían dirixidas aos romanos, que se conformaban simplemente con que o Estado lles proporcionasen trigo e espectáculos gratuítos. Deste xeito, os emperadores distraían ao pobo e evitaban que se mostrase críticos. *Mentres España ten unha gran cantidade de problemas importantes (paro, corrupción política...), a xente focaliza no fútbol, o panem et circenses do mundo actual.*
108. **Peccata minuta:** “Faltas pequenas”, “erros leves”. *Non te preocupes por iso; é peccata minuta.*
109. **Per accidens:** “Por accidente”, é dicir, “de xeito accidental”. *Podo perdoar a quen perxudica per accidens, pero non intencionadamente.*
110. **Per capita:** “Por cabeza”. Úsase na linguaxe económica. *Fun a unha cea e pagamos 25€ per capita. O noso concello ten unha renda per capita baixa.*
111. **Per se:** “Por si mesmo”. *Calquera acto de violencia, per se, debe ser rexeitado.*
112. **Post data:** “Despois de dada”. É un texto que se engade ao final da carta, cando esta xa foi firmada. Normalmente úsase a abreviatura P.D. *P.D. Non esquezas todos os momentos que pasamos xuntas.*
113. **Post mortem:** “Despois da morte”. Úsase, por exemplo, na linguaxe médica, forense ou xudicial. *Varias das súas obras foron publicadas post mortem.*
114. **Primus inter partes:** “O primeiro entre os iguais”. Úsase como un título honorífico para alguén que é formalmente igual a outros membros de seu grupo, pero a quen se lle otorga un maior respecto, tradicionalmente debido a súa antigüidade no cargo. *Leva tantos anos nesta empresa que é o primus inter pares.*

115. **Primum vivere, deinde philosophare:** “Primeiro vivir, despois filosofar”. Estas palabra xurdiron como unha expresión burlesca contra aqueles pensadores que teorizaban demasiado, pero que tiñan pouca experiencia na vida. É dicir, tiñan a capacidade de filosofar ou discutir sobre diversos temas pero, en ocasións, incluso tiñan problemas para conseguir medios para subsistir. *Gustárame facer unha tese doutoral, pero non conseguín unha beca. Así que vou ter que adiar este proxecto e buscar un traballo, porque primum vivere, deinde philosophare.*
116. **Pro indiviso:** É unha expresión xurídica que significa “por indiviso, sen dividir”. Aplícase a bens que non se poden dividir. *Meu irmán e eu herdamos a casa familiar pro indiviso.*

117. **Quod natura non dat Salmantica non praestat:** “O que a natureza non dá, Salamanca non o concede”. Expresa que non se lle pode dar intelixencia a quen naceu sen ela.



118. **Quorum:** Literalmente “de quen”. É a abreviación de *quorum praesentia sufficit*, “dos que a presenza é suficiente”. Emprégase para indicar o número de persoas cuxa presenza é necesaria para que se poida realizar unha reunión ou para que as decisións alí adoptadas teñan validez.
119. **Rara avis:** Literalmente significa “ave rara”. Emprégase para referirse a unha persoa ou cousa excepción, estraña ou fóra do común. *Moitas veces non encaixo e síntome unha rara avis.*

120. **Requiescat in pace (R.I.P.):** “Descanse en paz”. Esta expresión emprégase durante o rito dos enterramentos e a miúdo grávase sobre as tumbas.



shutterstock.com · 2101366825

121. **Referendum:** “o que debe ser consultado”. Empregamos este termo cando se somete ao voto popular unha decisión política de especial importancia e transcendencia. *O próximo domingo vaise celebrar un referendum en Cataluña para ver o que o pobo pensa sobre a súa posible independencia.*



122. ***Senatus Populusque Romanus (S.P.Q.R.)***: “O Senado e o pobo romano”. Estas palabras xorden durante a República da antiga Roma, cuxo goberno se baseaba no Senado e nas asembleas populares. Actualmente as siglas S.P.Q.R empréganse como emblema oficial da cidade de Roma.



Arqueta actual de Roma.



123. ***Si vis pacem, para bellum***: “Se queres a paz, prepara a guerra”. A oración remonta ao escritor romano Vegecio (s. IV). Expresa que, aínda que se queira a paz, hai que estar preparado para posibles confrontacións e guerras.

O lema aparece, por exemplo, na Academia Xeral Militar de Zaragoza.



124. ***Sic transit gloria mundi***: “Así pasa a gloria do mundo”. Esta expresión serve para reflexionar sobre a fugacidade ou a brevidade da vida ou incluso dos éxitos e triunfos que nela alcanzamos. *Non presumas tanto do teu éxito, pois todo nesta vida é pasaxeiro: sic transit gloria mundi.*
125. ***Sine cura***: “Sen preocupación”. Actualmente tende a usarse como un substantivo feminino: sinecure. Indica un emprego ou cargo que ocasiona pouco ou ningún traballo. *Para min o seu emprego é unha sinecure: non ten grandes responsabilidades e ten moi pouca carga de traballo.*
126. ***Sine die***: “Sen día”, é dicir, sen unha data determinada. *A reunión foi adiada sine die.*

127. **Sit tibi terra levis:** “Que a terra che sexa leve”. Estas palabras poden ser un epitafio ou dirixilas a alguén que acaba de falecer, para desexarlle que o peso da terra non oprima o corpo de quen vai ser enterrado. *Ata sempre compañeiro; sit tibi terra levis.*



128. **Sponte sua:** “Pola súa propia vontade”. Emprégase, por exemplo, no ámbito xudicial cando un xuíz emprende accións sen que o soliciten as partes implicadas. *O xuíz actuou sponte sua.*
129. **Statu quo:** “No estado actual”, “na situación actual”. A OTAN ameazou cunha intervención militar se nas próximas horas as relacións con Rusia non volvían ao *statu quo* previo ás declaracións de Putin.
130. **Stricto sensu:** “En sentido estrito”. *A aplicación stricto sensu desta nova lei será difícil de aplicar.*
131. **Sub iudice:** “Baixo o xuíz”. Indica que un asunto está en coñecemento do xuíz e pendente de resolución xudicial. *O caso do asasinato da nosa veciña está sub iudice.*
132. **Sui generis:** “Do seu propio xénero”, é dicir, moi especial. *Ten unha personalidade sui generis, é unha persoa moi rara e extravagante.*
133. **Summum ius, summa iniuria:** “Suprema xustiza, suprema inxustiza”. Este latinismo indica que a aplicación da lei ao pé da letra pode converterse na maior forma de inxustiza.

134. **Superavit:** “Sobra”. Indica unha situación financeira na que os ingresos son superiores aos gastos. *Este ano a nosa empresa familiar presentou un superávit dun millón de euros.*



135. **Suum cuique (tribuere):** “(Dar) a cada un o seu”. Este aforismo estaba presente no dereito romano (remonta ao xurista romano Ulpiano, s. II-III d.C.). Trátase dun principio xurídico esencial que favorece a orde e a xustiza pois, segundo estas palabras, hai que repartir de forma xusta os dereitos, os honores, os deberes, as cargas... *O principio de suum cuique paréceme esencial para un bo funcionamento da sociedade.*
136. **Tamquam tabula rasa:** “Como tabla lisa”, é dicir, na que non hai nada escrito. Cando nacemos a nosa mente é *tamquam tabula rasa*.
137. **Tempus fugit:** “O tempo fuxe”. Esta expresión indica que o tempo pasa de présa e, indirectamente, recórdanos que debemos aproveitalo utilmente. *Vive a vida e nunca esquezas que tempus fugit.*

138. **Totum revolutum**: “Todo revolto”. Úsase para referirse a lugares ou situacións nas que hai gran caos e confusión. *É moi difícil atopar algo neste totum revolutum. Estás moi confusa e agora mesmo a túa cabeza é un totum revolutum.*
139. **Tu quoque, fili mi!**: “Ti tamén, meu fillo!”. Esta frase foi pronunciada por Xulio César no momento no que ía ser asasinado e cando veu que Bruto, co que tiña unha relación moi estreita, o traizoaba e participaba na conspiración para asasinalo.
140. **Ultimatum**: Literalmente, “chegado ao seu fin”, é dicir, “último aviso”. *Europa deulle a Rusia un ultimatum buscando que se poña fin á guerra contra Ucraína.*
141. **Urbi et orbi**: “Para a cidade e para o mundo”. Orixinariamente refírese á bendición do Papa que se estende á cidade de Roma e a todo o mundo: *O Papa acaba de pronunciar a súa bendición urbi et orbi.* Aínda que hoxe en día tamén se usa co sentido de “a todas partes, aos catro ventos”: *O PSOE denunciou urbi et orbi os casos de corrupción cometidos pola oposición.*
142. **Ut infra**: “Como abaixo”. Estas palabras empréganse para aludir e remitir a unha pasaxe ou información que se encontra máis abaixo que o fragmento que o lector está lendo.
143. **Ut supra**: “Como arriba”. Estas palabras empréganse para aludir e remitir a unha pasaxe ou información que se encontra máis arriba que o fragmento que o lector está lendo.
144. **Veni, vidi, vici**: “Cheguei, vin, vencín”. Estas palabras foron pronunciadas por Xulio César, tras a batalla de Zela (47 a.C.)¹ na que obtivo unha rápida vitoria. Na actualidade utilízase para facer referencia a unha vitoria ou logro rápido e eficaz. *Veni, vidi, vici! Así se podería describir a vitoria deste novo partido político nestas eleccións.*
145. **Verba volant, scripta manent**: “As palabras voan, os escritos permanecen”. Este latinismo lembra que convén poñer as cousas por escrito, porque as palabras lévaas o vento. *Vamos deixar todo por escrito, porque xa se sabe: verba volant, scripta manent.*
146. **Verbi gratia**: “Por exemplo”. *Gústame a literatura clásica, verbi gratia, Horacio e Virxilio.*
147. **Vice versa**: Significa literalmente “invertida a orde” e úsase co sentido de “ao contrario”, “ao revés”. Habitualmente encontrámolo escrito xunto: viceversa. *Meu irmán sempre me axuda a min e vice versa.*
148. **Viva voce**: “De viva voz”. Esta expresión úsase cando se fai unha intervención, declaración ou resposta de xeito oral. *O alumno respondeu viva voce ás preguntas da profesora.*
149. **Vox populi**: Literalmente significa “a voz do pobo” e refírese a un rumor popular e estendido. *Iso xa non é un segredo, senón vox populi.*

¹ A batalla de Zela foi un enfrontamento bélico entre Roma, cuxo exército lideraba Xulio César, e as tropas de Farnaces II (rei do Bósforo).